

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CD3SEA000400	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevenición de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROCÍO RODRÍGUEZ ENRÍQUEZ, BEATRIZ LORENZO PAREDES (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real decreto 283/2019, do 22 de abril, establece o título de Técnico superior en Química e saúde ambiental e fixa os aspectos básicos do seu currículo.

O título de Técnico superior en Química e saúde ambiental recolle as figuras profesionais dos títulos de Técnico superior en Química ambiental e Técnico superior en Saúde ambiental aos que substitúe.

O novo título integra e actualiza contar dos anteriores adaptándoos aos cambios lexislativos en materia medioambiental e ás novas tecnoloxías, acadando unha maior polivalencia profesional.

O título de Técnico Superior en Química e saúde ambiental queda identificado polos seguintes elementos:

Denominación: Química e Saúde Ambiental.

Nivel: Formación Profesional de Grao Superior.

Duración: 2000 horas.

Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente.

Ramas de coñecemento: Ciencias. Ciencias da saúde. Referente na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE-5b.

Equivalencia en créditos ECTS: 5.

Nivel do Marco Español de Cualificacións para a educación superior: Nivel 1 Técnico Superior.

A competencia xeral deste título consiste en vixiar e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, non seu caso, do superior responsable, dacordo cos protocolos establecidos, respectando a normativa de referencia en condicións de calidade e seguridade.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a continuación:

- g) Vixiar e controlar a xestión de residuos, identificando os riscos asociados e aplicando o plan establecido.
- i) Vixiar e controlar a calidade dos alimentos aplicando técnicas de análises e protocolos de seguridade alimentaria.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos á súa contorna profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
- n) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- ñ) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o desenvolvemento do mesmo, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, así como achegando solucións aos conflitos grupales que se presenten.
- o) Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos axeitados e respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- p) Xerar contornas seguras no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo con establecer pola normativa e os obxectivos da empresa.
- q) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de «deseño para todas as persoas», nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

s) Exercer os seus dereitos e cumprir coas obrigacións derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Establecer a UC1974\_3: Avaliar os riscos ambientais para a prevención de accidentes.

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade principalmente no ámbito sanitario dentro da área da saúde pública ou privada, naqueles sectores produtivos potencialmente contaminadores e na administración nacional, autonómica e local en servizos relacionados coa saúde e/ou o medio ambiente. Poden formar parte de equipos de inspección sanitaria, de laboratorios de análises, centros de investigación, centros universitarios, explotacións agrarias, empresas de servizos de control medioambiental. Cando traballan por conta allea, dependen xerárquica e funcionalmente dun superior responsable e colaboran, no seu caso, cos responsables doutros departamentos. Cando traballan no ámbito da saúde, a súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

As ocupacións e postos de traballo (entendido o masculino como xenérico) máis relevantes son os seguintes:

- a) Técnico en xestión ambiental.
- b) Coordinador de sistemas de xestión ambiental.
- c) Programador de actividades ambientais.
- d) Documentalista ambiental.
- e) Técnico de control sanitario (alimentos, augas, atmosfera, residuos, etc.).
- f) Técnico de control de contaminación atmosférica.
- g) Técnico de control de contaminación acústica.
- h) Técnico de control de organismos nocivos.
- i) Técnico en control de pragas no medio urbano e contorna natural asociado.
- j) Comercial de información de produtos biocidas e fitosanitarios.

A trasposición das normas europeas que establecen a acreditación dos servizos de saúde ambiental a uns criterios de calidade, supoñen un reto que todos os profesionais da sanidade ambiental deberán afrontar, posto que será necesario axustar as súas actuacións aos patróns normalizados no ámbito europeo.

Entre os obxectivos xerais debemos salienta:

- ñ) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder os retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- p) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e coordinación de equipos de traballo.
- q) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- r) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención e de protección, persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir contornas seguras.
- s) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade universal e ao «deseño para todas as persoas».
- t) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e actividades realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- o) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- v) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar como cidadán democrático.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno poida inserirse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector.

A formación deste módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais n), r), s), t) e v) do ciclo formativo, e as competencias m), ñ), p), q) e s) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

¿ O manexo das fontes de información sobre o sistema educativo e laboral, en especial no referente ás empresas.

¿ A realización de probas de orientación e dinámicas sobre a propia personalidade e o desenvolvemento das habilidades sociais.

¿ A preparación e realización de modelos de currículo vítae (CV) e entrevistas de traballo.

¿ Identificación da normativa laboral que afecta as traballadoras e traballadores do sector, manexo dos contratos máis comunmente utilizados, lectura comprensiva dos convenios colectivos de aplicación.

¿ A cumplimentación de recibos de salario de diferentes características e outros documentos relacionados.

¿ A análise da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que lle permita avaliar os riscos derivados das actividades desenvolvidas no seu sector produtivo e que lle permita colaborar na definición dun plan de prevención para unha pequena empresa, así como na elaboración das medidas necesarias para a súa posta en funcionamento.

Ou módulo de IPE I é transversal e común a todos os ciclos formativos tanto de grao medio como superior e validable, e contén a formación necesaria para desenvolverse axeitadamente no mundo laboral.

O sector da industria química en España en 2023 continúa sendo un dos principais e máis consolidados sectores industriais ao representar o 6,1% do PIB e o 5,5% da poboación activa asalariada no sector privado.

A cifra de negocios do sector en España en 2023 foi de 82.493 millóns, dos cales facturáronse e mercados exteriores o 72,3% (os 59.603 millóns) polo que o sector químico é o segundo maior exportador da economía española e o primeiro inversor industrial en I+D+i.

A industria química española acadou en 2023 un crecemento do 42,1% no período 2015-2023, pese a experimentar un axuste da demanda que lle levou a retroceder un 8,2% pola negativa evolución da inflación e o alto volume de stocks que acumuláronse durante a pandemia e a posterior invasión de Ucraína. Esta cifra sitúa ao sector químico como o segundo maior da economía española.

No ámbito do emprego, o sector químico acadou os 233.000 asalariados directos que, sumando os indirectos e inducidos ascenden a 800.000 empregos dependentes da súa actividade, que supón o 5,5% da poboación activa asalariada do sector privado en España. Ase mesmo o sector acadou o seu récord en termos da paridade e o 44,4% do persoal asalariado son mulleres, fronte ao 36,2% de 2019.

Con respecto á estabilidade laboral, o 94% dos empregos directos da industria química ten carácter indefinido, cun salario medio por traballador que supera os 41.902 anuais, un 58% máis que o salario medio en España e un 37% máis que a media industrial. Aposta tamén pola alta cualificación, ao destinar á formación unha media de 202 persoa/ano, moi por enriba da media industrial (123,9/ano) ou da media nacional (70,3%/ano).

O sector químico continúa demostrando ser máis estratéxico que nunca para garantir o funcionamento e desenvolvemento da nosa sociedade actual e futura.

Segundo o IGE a cifra de negocios do sector en Galicia en 2022 foi de 1.067.999 miles de euros (1,8 por cento da cifra industrial total. No Estado español atinxiu 6,6 por cento). E o número de persoas ocupadas foi de 1.680

As remuneracións dos empregados foron de 54.879.

Esta realidade condicionarán as posibilidades futuras de emprego das/os tituladas/os deste ciclo formativo.

Na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establécese a ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas, e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

No título III da Lei orgánica 3/2022 establécese o carácter dual da formación profesional a as súas modalidades. O carácter dual da formación profesional desenvolverase mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación. A formación na empresa ou organismo equiparado pasa a estar integrada co resto dos módulos profesionais das ensinanzas, o que contribúe á adquisición dos resultados de aprendizaxe destes. As ofertas de formación profesional

poderanse desenvolver no réxime xeral e no réxime intensivo. A formación na empresa pasa a ter a consideración de formación curricular, xa que contribúe á adquisición dos resultados de aprendizaxe do currículo. Esta formación na empresa poderase levar a cabo xa desde o primeiro curso.

Como desenvolvemento da citada lei, apróbase o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional. Seguindo o establecido na citada normativa, establécense módulos vinculados ás habilidades e ás capacidades transversais, á orientación laboral e ao emprendemento como o Itinerario persoal para a empregabilidade I e II.

No curso escolar 2024/25, na Comunidade Autónoma de Galicia incluíranse nos primeiros cursos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior o módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I (que vén substituír o módulo de Formación e orientación profesional).

Recentemente publicáronse catro reais decretos que modifican os reais decretos de establecemento dos títulos de formación profesional e os cursos de especialización, en concreto:

¿ O Real decreto 499/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de formación profesional de grao medio e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

Durante o curso escolar 2024/25, o currículo para o primeiro curso dos ciclos formativos de oferta ordinaria, presencial e no réxime xeral será o establecido nos decretos de currículo que son de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para os diferentes títulos destas ensinanzas, coas seguintes consideracións:

Nos ciclos formativos de grao medio e de grao superior incorporárase o módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I, agás nos ciclos establecidos ao abeiro da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e no ciclo de Mantemento Aeromecánico de Avións con Motor de Turbina. O currículo deste módulo aterase ao establecido no anexo B) desta resolución.

Deixarase de impartir o módulo profesional de Formación e orientación laboral.

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, terá como finalidades:

- a) Coñecer as variables individuais que se poden desenvolver ao longo da vida e que contribuirán á mellora da empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioproductivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente.
- b) Coñecer os itinerarios formativos e profesionais que axuden ao alumnado a adaptar o proceso de aprendizaxe ás súas vocacións, ás súas necesidades e aos seus intereses propios de cara á súa futura inserción laboral ou para continuar coa súa formación.
- c) Adquirir as competencias necesarias para a desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, que abranguerá a formación necesaria para a obtención das competencias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais. Esta unidade formativa terá unha duración de 50 horas.

Coa finalidade de que o alumnado dispoña da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais que permita a súa incorporación á formación na empresa, a formación asociada á unidade formativa de Prevención de riscos laborais será impartida ao inicio do curso escolar ao tratarse dun requisito indispensable para a súa incorporación á formación na empresa ou no organismo equiparado.

Ao alumnado de ciclos de grao medio e de grao superior expediráselle un certificado de formación de Prevención de riscos laborais de 50 horas ou de 60 horas nos ciclos formativos cuxos perfís profesionais así o requiran.

Os módulos profesionais ou ámbitos superados con anterioridade conservarán a cualificación previa.

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I dos ciclos de grao medio e de grao superior poderase validar:

¿ Achegando o módulo de Formación e orientación laboral (FOL) correspondente a calquera título ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

¿ Achegando o módulo de Formación e orientación laboral (FOL) correspondente a calquera título ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Neste suposto, cumprirá acreditar a formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, con indicación expresa dos contidos superados.

Módulo profesional: Itinerario persoal para a empregabilidade I.

Nivel: primeiro curso dos ciclos de grao medio e superior.

Código: MP1709.

Duración: 107 horas.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais	Análise da normativa de Prevención de Riscos para o desempeño das función de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais	50	47
2	Formación na empresa	Formación na empresa	9	8
3	O mercado de traballo e o sector produtivo	Análise do mercado de traballo, das oportunidades de emprego no sector e das aptitudes e actitudes requiridas no sector	2	2
4	O autoanálise e o proxecto profesional	Identificación das cualidades e competencias con valor para o emprego , o autocoñecemento e elaboración dun itinerario formativo e profesionalizador	7	7
5	Estratexias para a empregabilidade. O aprendizaxe autónomo e a identidade dixital	Identificación e análise das diferentes estratexias para o aprendizaxe autónomo, que permitan alcanzar os obxetivos profesionais e creando unha identidade dixital	6	6
6	A relación laboral	Análise das condicións laborais no traballo por conta allea de conformidade a normativa laboral e o convenio colectivo do sector e dos principais cambios que poden darse na mesma	28	26
7	A Seguridade Social	Análise das principais prestacións da seguridade social e reflexión da importancia da mesma coma pilar do estado de benestar	5	4

### 4. Por cada unidade didáctica

#### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	50

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.1.1 Comprenderonse os conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
CA1.1.2 Valorouse a relación entre traballo e saúde
CA1.1.3 Analizáronse os factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómica e psicosociais na empresa ou organismo equiparado do sector productivo do ciclo
CA1.1.3.1 Analizáronse os factores de risco derivados das condicións de seguridade
CA1.1.3.2 Analizáronse os factores de risco medioambientais
CA1.1.3.3 Analizáronse os factores de risco ergonómicos e psicosociais
CA1.1.4 Valorouse a actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral
CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.2.1 Determináronse os danos na saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados
CA1.2.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais derivados de patoloxías específicas ( AT, y EP )
CA1.2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais derivados de patoloxías inespecíficas ( estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga,...)
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.3.1 Analizáronse as medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade

Criterios de avaliación
CA1.3.2 Identifícanse as principais técnicas de prevención
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.5.1 Identifícase o marco normativo básico na prevención de risco laborais
CA1.5.2 Determináronse os dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais
CA1.5.3 Analízase a actuación en caso de risco grave e inminente
CA1.5.4 Identifícanse as persoas traballadores en especial situación de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos, traballadores/as de empresas de traballo temporal e temporais)
CA1.5.5 Identifícanse os principais organismos públicos con competencias preventivas
CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.6.1 Clasifícanse as formas de xestión da prevención na empresa en función dos criterios previstos na normativa de prevención de riscos laborais
CA1.6.2 Determináronse as diferentes formas de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos laborais
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.7.1 Identifícase o contido mínimo dun plan de prevención na empresa
CA1.7.2 Analízase un plan de emerxencia e evacuación
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención
CA1.9 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
OMarco normativo.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Composición da caixa de primeiros auxilios.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Principais técnicas de prevención.
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
0Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Relación entre traballo e saúde.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Contidos
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Formación na empresa	9

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folia de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	NO
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo
<a href="#">CA2.12 Valorouse a importancia do traballo colaborativo, dos equipos de traballo e do liderazgo como trazo da personalidade</a>
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
<a href="#">CA4.1.5 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.</a>

**Criterios de avaliación**

CA4.1.7 Analizáronse os sindicatos de traballadores e asociacións empresariais

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.

Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.

Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.

Traballo por conta allea e traballo por conta propia.

Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.

Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.

Representación das persoas traballadoras na empresa.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O mercado de traballo e o sector produtivo	2

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.</p> <p>Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.</p> <p>Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.</p> <p>Traballo por conta allea e traballo por conta propia.</p> <p>Traballo na Administración pública.</p> <p>Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.</p> <p>Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública</p> <p>Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O autoanálise e o proxecto profesional	7

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha follla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.3.1 Determináronse as habilidades sociais e habilidades de comunicación
CA2.3.2 Determináronse as habilidades de organización e xestión
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.9.1 Identificáronse oportunidades de formación e emprego na Unión Europea
CA2.9.2 Identificáronse servizos de orientación académica e oportunidades e axudas para a formación
CA2.9.3 Analizáronse os itinerarios formativos e profesionais relacionados co ciclo formativo

Criterios de avaliación
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA2.11.1 Empregáronse ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking
CA2.11.2 Identificáronse estratexias para superar as eivas de comunicación e recursos para superar as carencias persoais
CA2.11.3 Valorouse a formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación o cambio
CA2.12 Valorouse a importancia do traballo colaborativo, dos equipos de traballo e do liderazgo como trazo da personalidade
CA2.13 Identificouse o concepto de conflito, causas, tipos de resolución e a negociación como solución

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Información sobre a estrutura do sistema educativo.</p> <p>Habilidades de organización e xestión.</p> <p>Oportunidades de formación e emprego en Europa.</p> <p>Autoconecemento, autonomía persoal e autopercepción.</p> <p>Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.</p> <p>Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.</p> <p>Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.</p> <p>Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.</p> <p>Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.</p> <p>A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.</p> <p>Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.</p>

Contidos
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
0Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estratexias para a empregabilidade. O aprendizaxe autónomo e a identidade dixital	6

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade

Criterios de avaliación
CA3.3.1 Coñecéronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.3.2 Utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
